

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de outubro de 2017

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas do día vinte e seis de outubro de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, durante o debate e votación dos puntos 5/194 a 8/197, están ausente da devandita sesión, á que se reincorpora no punto 9/198.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

Abandonan o salón de sesións antes de levantarse esta DON CARLOS PORTOMEÑE PÉREZ, que o fai cando son as 19 25 horas; DONA ANA MARÍA LÓPEZ PÓMBO, ás 19,30 horas, e DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, ás 19,45 horas.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

1/190 APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES DA PARCELA K1.1 EN RELACIÓN COA PARCELA SEGREGADA K1.11 DO PARQUE EMPRESARIAL "AS GÁNDARAS", SOLICITADO POR "INVERSIÓN Y ADMINISTRACIÓN INMOBILIARIA BP, S.L.".- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle, redactado pola arquitecta dona Aranzazu Garnelo Preciado e o enxeñeiro industrial don Luis Monzón Gómez e solicitado por "Inversión y Administración Inmobiliaria BP, S.L.", formulado para a ordenación de volumes da parcela K1.1 en relación coa parcela segregada K1.11 do parque empresarial "As Gándaras", que modifica ó anterior estudo de detalle aprobado definitivamente polo acordo plenario de data do 4-05-15 (artigo 80.2 da LSG).

SEGUNDO.- Requerir ó promotor deste estudo de detalle para que presente neste Concello o devandito instrumento de planeamento en soporte dixital.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ó enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG). Posteriormente procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ó establecido no artigo 82.3 da LSG.

CUARTO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ó que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) para a súa inscrición no Rexistro de

Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG).

QUINTO.- Notificarlles este acordo ós interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

2/191 EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) Nº 128/2015, DO 26-02-15, RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4249/2012, INTERPOSTO POR D. ALEJANDRO ALCALDE PAZ, CONTRA A ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO: SUBSANACIÓN DAS DEFICIENCIAS SINALADAS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (CMAOT) NA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA APROBADA POLO ACORDO PLENARIO DE DATA DO 27-10-16.- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar, dentro da competencia municipal, de conformidade cos Autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) de datas do 29-03-17 e 23-05-17, a documentación técnica elaborada pola Arquitecta Municipal dona Susana Penedo, subsanatoria das deficiencias sinaladas pola CMAOT no seu escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 20-02-17. Todo elo en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 128/2015, de data do 26-02-15, e do auto da Sala de aclaración desta, de data do 18-3-15, que estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo nº 4249/2012, interposto por D. Alejandro Alcalde Paz, contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), do 29-04-11, sobre aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

SEGUNDO.- Remitirlle este acordo e a devandita documentación técnica á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT), cara a adopción pola súa parte dos trámites necesarios para a súa aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Notificarlle este acordo ó TSXG coa devandita documentación técnica, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

3/192 EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) Nº 100/2017, DO 2-03-17, RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4263/2012, INTERPOSTO POLA



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

ASOCIACIÓN CULTURAL DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO E O SEU ENTORNO, CONTRA A ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Proceder á formulación dun proxecto de modificación puntual do PXOM aprobado definitivamente de forma parcial pola Orde do 29-4-2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 100/2017, do 2-03-17, recaída no recurso contencioso-administrativo nº 4263/2012, interposto pola Asociación Cultural do Parque Rosalía de Castro e o seu entorno, en orde a establecer as determinacións urbanísticas do ámbito territorial do denominado "URPI-58".

A parte do Fallo desta sentenza, que agora se está a executar, literalmente declarou: *"2.- Anular en parte dicha Orden de 29 de abril de 2011 y dicho P.G.O.M en el exclusivo extremo relativo a la ordenación urbanística de la unidad de actuación CS-5 (hoy URPI 58) que es contraria a Derecho".*

SEGUNDO.- Acordar, en virtude do establecido nos artigos 47.1 da LSG e 86.1 do RLSG, a suspensión cautelar de licenzas de parcelación e edificación no devandito ámbito territorial do denominado URPI-58, delimitado nas follas 7.36 e 7.40 do Tomo V.2. "ORDENACIÓN Y GESTIÓN DEL SUELO URBANO. PLANOS" do PXOM (páxina web do Concello de Lugo <http://lugo.gal>), cara a garantir o estudo do devandito proxecto de modificación puntual do PXOM, debendo procederse á publicación deste acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia (DOG) e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

A suspensión será efectiva a partir da súa publicación, e terá a duración máxima dun ano, sen prexuízo da suspensión automática que puidera resultar con anterioridade, no seu caso, do acordo de aprobación inicial da modificación puntual do PXOM.

Signifícase que a suspensión non impedirá a autorización daquelas intervencións necesarias para garantir o cumprimento dos deberes sinalados no artigo 135 da LSG (artigo 86.3-a) do RLSG), nin a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do RLSG.

Contra este acordo de suspensión de licenzas poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á CMAOT e ó TSXG para o seu coñecemento e oportunos efectos.

4/193 **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CEIP NO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO "LUGO S-5.R" DO VIXENTE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM), APROBADO DEFINITIVAMENTE POLA ORDE DO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI) DE DATA DO 29-04-11 (BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN): RATIFICACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO.-** O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Ratificar como definitivo, dentro da competencia propia do Concello Pleno, ó non ser obxecto de alegacións durante o período do seu sometemento a información pública, o texto do borrador do convenio asinado, con data do sete de xuño de 2017, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, para a construción dun novo CEIP no Sector de Solo Urbanizable Delimitado "LUGO S-5.R" do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente pola Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) de data do 29-04-11 (Barrio do Sagrado Corazón). Significando a súa natureza de convenio urbanístico de planeamento (artigo 166 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, LSG, artigo 399 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, RLSG e artigo 123.1-l) LBRL) e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, dentro da súa propia competencia, dada tamén a súa natureza xurídica de convenio urbanístico para a execución do planeamento (artigo 167 da LSG, art. 400 do RLSG e artigo 127.1-d) LBRL).

Transcríbese a continuación literalmente o texto definitivo do convenio:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO, PARA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CEIP NO POLÍGONO DO SAGRADO CORAZÓN.

En Lugo, a 7 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, D. Román Rodríguez González, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

DOUTRA PARTE o Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo, Dña Lara Méndez López, designada na sesión do Pleno da Corporación do día 13 de xuño de 2015, e que actúa en representación do concello de acordo cos artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local 7/85 (en diante LBRL) e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA).

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración, e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións das Comunidades Autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas Corporacións Locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Segundo.- Que segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA), as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A colaboración entenderase como o deber de todas as Administracións Públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.

Terceiro.- O artigo 25.2 m) e n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL), establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, “a promoción da cultura e equipamentos culturais”, así como de “participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”. Estas competencias asúmense pola Comunidade Autónoma de Galicia, respecto dos municipios do seu ámbito territorial, en virtude das letras n) e ñ) do artigo 80.2 da LALGA.

As disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, dispoñen que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da LRSAL. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da LRSAL, continuarán prestándose polos municipios en tanto non se

dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.

Así mesmo, a disposición adicional décimo quinta, apartado 4, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.

Cuarto.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións que veñen reflectidas no artigo 1 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Quinto.- Que co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da entidade local, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o Concello de Lugo acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a construción dun novo CEIP no polígono do Sagrado Corazón.

Sexto.- Conscientes da antedita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto no Concello de Lugo, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinalo contido da mencionada colaboración, froito das conversas e reunións mantidas por representantes das dúas institucións durante o segundo semestre do ano 2016, co fin de acadar un encaixe da actuación dentro do marco normativo en vigor.

Así, e co fin de acadar o obxectivo exposto, ambas as partes, de común acordo, conforme ao artigo 57 da LBRL, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.- Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento dos mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo para a construción dun novo Centro de Educación Infantil e Primaria no polígono do Sagrado Corazón, de acordo co establecido na cláusula segunda do presente convenio.

Segunda.- Compromisos e achegas.-

Polo Concello de Lugo.-

- O Concello como propietario duns terreos, cunha superficie total de dez mil corenta e seis metros cadrados (10.046 m²), no Polígono do Sagrado Corazón, sector solo urbanizable delimitado "LUS-5.R", pon a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os terreos descritos anteriormente para a construción dun novo CEIP, mediante decreto número 16005868 DO 27/07/2016, da Tenente de Alcalde Delegada de Área. Estes terreos teñen a condición de Sistema Xeral de Equipamento



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

(SGSUZ-E-3) nunha superficie de 6.282 m², segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente en data 11 de abril de 2011, e dan fronte a vía pública, rúa Venancio Senra. A restante superficie ata acadar os 10.046 m², pertence ao sector de solo urbanizable delimitado "Lugo S-5.R" do PXOM vixente.

- Na medida en que se trata dunhas obras de interese público, pero non de carácter supramunicipal, entende a Consellería que non é de aplicación a lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, sendo esixible a obtención da preceptiva licenza municipal con carácter previo ao inicio das obras. Así, o Concello de Lugo comprométese á concesión da licenza para fase I de construción do novo CEIP (edificio principal do novo colexio), dentro do ámbito do Sistema Xeral Equipamento (SGSUZ-E-3), en aplicación do establecido no artigo 95.3 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que en solo urbanizable require a previa aprobación do plan parcial do sector correspondente, salvo que o plan xeral estableza a ordenación detallada, como é o caso do SGSUZ-E-3, delimitado como Sistema Xeral Equipamento, sendo de aplicación a ordenanza Equipamento Comunitario do PXOM de Lugo.
- Así mesmo, e para os restantes terreos, o artigo 28.2 da mesma lei, establece que en solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse construcións, salvo as que vaian a executarse mediante a redacción de planes especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, nas condicións establecidas no artigo 89. En aplicación deste artigo o Concello aprobará un Plan Especial de Infraestruturas, co fin de que estes terreos acaden as condicións axeitadas para ser edificadas nunha fase II, que comprenderá un polideportivo cuberto, pista descuberta, patios e espazos libres do CEIP. En todo caso, os técnicos municipais valoraran a posible concesión dunha autorización para instalacións de carácter provisional, que permitan o uso deportivo e de lecer nestes terreos, acondicionando o chan e permitindo estruturas de cubrición de carácter temporal, sendo estas as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables, e sempre que se cumpran as determinacións establecidas no artigo 89 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e artigo 204 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016.
- As licenzas de edificación necesarias para construción do novo CEIP, segundo se recolle nos dous puntos anteriores, serán outorgadas polo Concello, sempre que as obras proxectadas cumpran as determinacións da lexislación e do planeamento urbanístico de aplicación. Para este fin, achegarase proxecto básico e de actividade, así como proxecto de execución, revisados polo servizo de supervisión de proxectos da Consellería, nos que se encontrarán claramente xustificadas as condicións urbanísticas e toda a normativa técnica de aplicación ao tipo de edificación que se pretende construír. Como as obras destínanse ao desenvolvemento



CSV: hkHkANz7Sb77OTtUFcVaw==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 8 / 23

DATAS(UTC)

03/11/2017 14:16:22

dunha actividade, o proxecto técnico deberá incorporar a documentación que esixe o artigo 364 do Decreto 143/2016.

O Concello de Lugo achegará á Consellería a documentación que se relaciona no ANEXO I deste convenio de colaboración.

- Será responsabilidade do Concello de Lugo garantir que os terreos onde se pretende a execución da obra en fase I estean dotados, ao pé da parcela, dos usos urbanísticos e das infraestruturas adecuadas para o servizo educativo (abastecemento de auga, subministración eléctrica, saneamento e rede de sumidoiro) tal e como se establece no ANEXO II, con carácter previo ao inicio das obras, así como dos correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.
- A entidade local, comprométese a aprobación dos proxectos técnicos comprobando que os mesmos cumpren todos os requisitos técnicos e administrativos para a súa aprobación, conforme ao establecido nos artigos 95.3 e 28.2 da lei 2/2016, e demais normativa de aplicación.
- Na medida en que se trata dunhas obras de interese público, polo Concello e en exercicios futuros, habilitarase crédito o menos en contía equivalente aos importes aboados ao Concello en concepto de taxa por licenza urbanística e do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras que teña a súa orixe nelas, para execución de obras de mantemento dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil e de educación primaria.
- O mantemento e conservación do centro corresponderán ao Concello. Para tal fin, unha vez rematadas as obras, e con carácter previo á súa recepción, a Consellería recabará a aprobación do informe final de obra, sen prexuízo da necesaria ulterior formalización da correspondente acta de entrega.
- Unha vez formalizada a acta de entrega, o Concello asumirá a obriga de conservación e mantemento das instalacións destinadas a un uso educativo.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.-

- Realizados polo Concello os trámites sinalados anteriormente e logo do informe favorable dos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a idoneidade dos terreos obxecto da posta a disposición, a Consellería elaborará, no seu caso, supervisará e aprobará o proxecto básico e de execución para a obra de construción do CEIP en dúas fases, fase I de construción do edificio principal do novo CEIP, e fase II para equipamento deportivo (pista e polideportivo), así como patios e espazos libres.
- Unha vez formalizada a posta a disposición e supervisado o proxecto básico e de execución, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciará a tramitación da contracción do gasto con cargo aos seus orzamentos, así como a tramitación dos correspondentes expedientes de licitación, dirección e execución das obras de construción da fase I do CEIP, supeditándose o inicio da execución das obras á concesión da correspondente licenza de obra.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

- Respecto da execución da fase II, unha vez conste autorización do Concello ao efecto, para execución das instalacións deportivas e de lecer, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciará a tramitación do expediente de licitación, dirección e execución das obras, conforme ao xa especificado no apartado anterior para a fase I.
- Para a execución e posta en funcionamento do CEIP, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a solicitar e dispor de todos os títulos habilitantes de natureza urbanística e autorizacións sectoriais que sexan procedentes.

Terceira.- Mecanismos de seguimento.- A fin de realizar o seguimento e a avaliación do grao de execución do convenio, así como a interpretación e cumprimento do convenio, ambas as partes conveñen a constitución dunha Comisión mixta paritaria, composta por tres representantes de cada unha das partes signatarias.

A Comisión de Seguimento reunirse sempre que o solicite algunha das partes, así como no caso en que xurda algún tipo de controversia durante a súa execución.

Cuarta.- Vixencia e Resolución.- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o momento en que rematen as actuacións previstas na cláusula segunda.

Ademais da expiración do seu prazo de vixencia, serán causas de extinción do convenio o mutuo acordo das partes asinantes ou a decisión unilateral dunha parte por incumprimento da outra parte ou porque existen causas excepcionais e xustificadas que dificulten ou obstaculicen o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, previa denuncia cun prazo de dous meses de antelación.

Quinta.- Natureza e xurisdición.- Este convenio ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable ao mesmo o establecido no Capítulo VI, Título Preliminar da LRXSP.

Calquera cuestión que se suscite en canto á aplicación, interpretación e efectos do convenio, que non queden solventadas pola Comisión mixta de seguimento prevista na cláusula terceira serán resoltas polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado no lugar e data indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes asinantes.

POLA XUNTA DE GALICIA
A Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

POLO CONCELLO DE LUGO

Román Rodríguez González

Lara Méndez López

ANEXO I

AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CEIP NO POLÍGONO DO SAGRADO CORAZÓN.

Documentación achegada polo Concello no expediente de posta a disposición dos terreos:

1.- Certificación do acordo do órgano con competencias na posta a disposición dos terreos que debe conter os extremos seguintes:

- a) Posta a disposición, libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, das parcelas descritas na cláusula segunda deste convenio.
- b) A asunción das obrigas económicas que, se é o caso, se deriven do convenio.
- c) A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación da consellería, o mantemento e conservación das instalacións do centro educativo.

2.- O concello achega ademais a seguinte documentación:

-Certificación da persoa titular da Secretaría da corporación, na que se fai constar que os terreos que se poñen a disposición, son titularidade do concello, pendentes de inclusión no inventario de bens da dita corporación.

- Plano topográfico coas súas medicións características, así como certificación urbanística acreditativa das condicións de uso, edificabilidade e de ocupación da parcela, que permitan comprobar a súa idoneidade para a construción dun centro docente en fase I conforme ao establecido na cláusula segunda deste convenio, e a viabilidade da execución da fase II, cos condicionantes establecidos na mesma cláusula segunda.

ANEXO II

AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CEIP NO POLÍGONO DO SAGRADO CORAZÓN.

Determinación dos usos urbanísticos e infraestruturas (abastecemento de auga, subministro eléctrico, saneamento, acceso rodado, etc.) da parcela fase I, a realizar con carácter previo ao inicio das obras:

- Abastecemento de auga.
- Acometida con subministración eléctrica a pé de parcela, coas características e potencia necesaria para o funcionamento do centro e que figurarán no proxecto de instalación eléctrica que lle será facilitado pola dirección de obra.
- Saneamento e rede de sumidoiro.
- Eliminación de calquera servidume que grave a parcela e de calquera obstáculo que impida o normal funcionamento do referido centro."



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

SEGUNDO.- Proceder a súa sinatura polas dúas partes, Concello e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento do establecido no artigo 168.4 da LSG e 402.2 do RLSG, unha vez fose ratificado o seu texto por ambos os dous órganos competentes (Xunta de Goberno local e Concello Pleno).

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste acordo co texto integro do convenio no Diario Oficial de Galicia, en cumprimento do establecido no artigo 403.1 do RLSG.

CUARTO.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a devandita resolución poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o órgano que o ditou e no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición tal e como establece o artigo 123 da Lei 39/2015.

FACENDA LOCAL

5/194 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal xeral, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como

definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

6/195 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 120, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 120, reguladora das taxas pola prestación do servizo de comida no fogar, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

7/196 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

8/197 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 405, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza número 405, reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local aprobado na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que se consideren oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

INTERVENCIÓN**9/198 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2/2017. AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DA DÉBEDA.- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (2/2017) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
01100.91300	Amortiz. Prést. L/P entes fora sector público	3.876.772,64 €
01100.31000	Débeda Pública, Gastos financeiros	45.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	3.921.772,64 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales

os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

10/199 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2017.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (3/2017) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
01100.91300	Amortiz. Prést. L/P entes fora sector público	442.975,92 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	442.975,92 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

PERSOAL

11/200 PROPOSTA DE ACORDO PARA AUTORIZAR O AUMENTO DO LÍMITE GLOBAL ANUAL CUANTITATIVO DO CRÉDITO DESTINADO A CUBRIR AS OBRIGAS DERIVADAS DA REALIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FÓRA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** autorizar o aumento do límite global anual cuantitativo do crédito destinado a cubrir as obrigas derivadas da realización de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral ordinaria.

PROPOSICIÓNS

12/201 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 386/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA GARANTIR OS DEREITOS DE NENOS E NENAS CON ALERXIAS OU INTOLERANCIAS



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

ALIMENTARIAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal a adoptar todas as medidas necesarias para garantir a igualdade e a non discriminación dos nenos e nenas con algún tipo de alerxia ou intolerancia alimentaria nas escolas infantís municipais, así como a que inicie os trámites necesarios para que na próxima Cabalgada de Reis se garanta que os “chuches” que se repartan poidan ser consumidos por todos as nenas e nenos que sexan alérgicos ao glute.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a establecer unha liña de axudas de carácter económico ou alimenticio, que vaian dirixidas a familias con escasos recursos económicos, que teñan algún membro que padeza a enfermidade celíaca ou outras intolerancias alimentarias.

13/202 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 388/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA APOIAR E RESPALDAR ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Concello de Lugo manifesta a súa solidariedade e respaldo á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución Española a todos os cidadáns, condenando o acoso que están a sufrir os seus membros, entres os que se atopan axentes galegos e galegas desprazados a Cataluña, por defender o Estado de Dereito e salvagardar a convivencia, á seguridade e a tranquilidade da cidadanía.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno do Estado a incorporar nas próximas leis de Orzamentos Xerais do Estado, a partir do próximo ano 2018, as partidas necesarias para resolver progresivamente os desequilibrios retributivos que poidan existir entre os diversos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e, a súa vez, dentro do marco legal orzamentario, para achegalos aos doutros corpos policiais.

14/203 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 402/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN SKATE PARK EN LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo encargue os proxectos necesarios conducentes a estudar a viabilidade da remodelación e homologación dos STARK PARKS existentes e, caso de ser viable, achegar as partidas necesarias para a súa execución.

SEGUNDO.- Estudar a posibilidade de permitir a utilización dun espazo cuberto sen uso para a práctica de adestramentos de skate.

15/204 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 407/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á TRANSPARENCIA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Dar cumprida información, cando así o requiran os Grupos políticos que forman parte da Corporación Municipal, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de abril de 2016 na que se aprobou unhas instrucións para o establecemento da necesaria coordinación en materia de contratación, e remitir de forma inmediata a todos os Grupos unha copia do calendario anual elaborado polo Servizo de Contratación, no que se recolle a data de finalización dos contratos e das súas prórrogas.

SEGUNDO.- Dar cumprimento ao acordo plenario adoptado o 29 de outubro de 2015, relativo a licitación de todos os servizos que actualmente se están a prestar por empresas sen contrato no Concello.

TERCEIRO.- Que os Grupos políticos que constitúen a Corporación Municipal formen parte das Mesas de Contratación con voz e sen voto.

16/205 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 408/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN INVENTARIO DE CAMIÑOS RURAIS E DUNHA ORDENANZA QUE REGULE O SEU USO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Elaborar un inventario completo de pistas e camiños de titularidade municipal na zona rural.

SEGUNDO.- Elaborar unha ordenanza municipal que regule o uso de camiños e vías municipais en relación coas operacións forestais e similares.

17/206 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 409/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO PARA A CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS ASINADO POLA XUNTA DE GALICIA E Á FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS O PASADO 10 DE OUTUBRO DE 2017.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- O Grupo Municipal Popular insta ao Concello de Lugo a adherirse ao convenio marco para a captación de investimentos asinado pola Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado 10 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo plenario á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

18/207 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 410/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PARALIZACIÓN DA VENDA DE INMOBLES NA TINERÍA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Que se inste á paralización de toda decisión de calado sobre este barrio, como poida ser a de posta á venda dos inmobles que son propiedade da Xunta, ata se ter constituída a propia mesa.

SEGUNDO.- Que se traslade este acordo ao delegado da Xunta de Galiza en Lugo e á presidencia do goberno galego.”

19/211 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 411/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE IGUALDADE DE XÉNERO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** a elaboración e aprobación dunha Ordenanza Municipal de Igualdade de Xénero que dea rango normativo ás políticas municipais de promoción da igualdade real e erradicación da discriminación da muller e garanta a intervención coordinada e transversal en tódolos ámbitos externos e internos da administración municipal, garantindo que a perspectiva de xénero non estea a expensas da arbitrariedade e voluntariedade de cada equipo de goberno.

20/209 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 412/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A DIMINUÍR AS CONSECUCIAS DOS INCENDIOS FORESTAIS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo inste á Xunta de Galicia, como administración competente na materia, a:

1. Modificar a política forestal, pulando por especies arbóreas autóctonas.
2. Fomentar a biomasa como fonte de enerxía renovable.
3. Potenciar o medio rural con alternativas de desenvolvemento activo nas aldeas que axuden ao asentamento xeracional.
4. Reforzar e ampliar durante todo o ano as tarefas de limpeza e desbroce dos montes.
5. Como servizo prioritario, defender a condición pública da xestión e dos recursos materiais e humanos que se empregan na extinción dos incendios forestais.

6. Establecer unha fiscalidade atractiva para o fomento de novas actividades no monte.
7. Apostar, na loita contra os incendios, pola prevención e polo uso de tecnoloxías máis eficientes, potenciando programas e actuacións en I+D+i que permitan un verdadeiro intercambio dos resultados obtidos na investigación forestal, así como de coñecementos en metodoloxías de xestión forestal adaptadas á realidade galega, contando para iso en Galicia con expertos na materia.
8. Fomentar o consenso social e a compatibilidade de usos, conxuntamente a un programa social de concienciación e comunicación que favorezca a cooperación de todos os axentes implicados e da sociedade en xeral.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a elaborar e poñer en marcha un plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello de Lugo para acadar políticas de prevención forestal e políticas medioambientais efectivas a medio e longo prazo.

21/210 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 413/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á MELLORA DA SINALIZACIÓN DOS ACCESOS Á MURALLA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aumentar e mellorar a sinalización da Oficina Municipal de Turismo así como a dos accesos peonís á Muralla mediante a instalación de novos indicadores (axustados a calquera especificidade que poida contemplar a normativa do Pepri ao respecto), non só ao pé do monumento senón tamén nas rúas e prazas das inmediacións coa fin de difundir axeitadamente a súa localización, e que se faga o correspondente estudo para que ditos indicadores conteñan toda a información que se estime oportuna e desa maneira evitar duplicar elementos informativos.

COMPARECENCIAS

22/211 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, FORMULADA POLO GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 396/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia da Alcaldesa-Presidenta, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

23/212 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DA ILMA. SRA. DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DONA ANA PRIETO NIETO, FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 414/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUN COORDINADOR PARA O PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL [CON]TRATO FEITO QUE FOI ANULADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia da Tenente de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, DONA ANA PRIETO NIETO, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

24/213 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.

25/214 DEUSE CONTA DA INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO AO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO.

26/215 DEUSE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO E DESIGNACIÓN DE VOCEIRA.

27/216 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17008696 DO 4 DE OUTUBRO DE 2017, DA NOVA ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO ÁS COMISIÓN PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO.

28/217 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17008794 DO 10 DE OUTUBRO DE 2017 RELATIVO Á DESIGNACIÓN DE TITULAR E SUPLENTE DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS APROBADOS.

29/218 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17008795 DO 10 DE OUTUBRO DE 2017 RELATIVO Á DESIGNACIÓN DE TITULAR E SUPLENTE DO GRUPO MUNICIPAL LUGO NOVO NA COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO DO PLANEAMENTO.

COMPARECENCIAS

30/219 COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, PARA EXPLICAR POR QUÉ NON SE SOLICITARON AS AXUDAS DO ANO 2017 PARA AS ZONAS DECLARADAS COMO ARI, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 37/187, ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.

31/220 COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, EN RELACIÓN Á PRAIA FLUVIAL, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 38/188, ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.

32/221 COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, EN RELACIÓN COA FÁBRICA DA LUZ, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 39/1899, ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE LUGO CON MOTIVO DA CELEBRACION DO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2017.- O Excmo. Concello pleno formula a seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:**

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap10

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-10-2017

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigación que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

No noso país dispoñemos dun marco lexislativo a través da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén de leis autonómicas na maioría das Comunidades Autónomas e recentemente foi aprobado polo Congreso dos Deputados o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Neste sentido, convén sinalar o aprobado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA, con respecto aos Concellos e á función que deben desempeñar.

POR TODO ELO O CONCELLO DE LUGO ACORDA:

1.- Que, por parte do Goberno de España, iníciense os trámites para as modificacións lexislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- O cumprimento do Goberno de España, da Xunta de Galicia e do Concello de Lugo a avanzar nos compromisos acordados no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO no PACTO GALEGO CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA e no PACTO CIADÁN POR UN LUGO LIBRE DE VIOLENCIA DE XÉNERO así como, cumprir coas obrigas adquiridas mediante acordos das distintas administracións en materia de igualdade e contra a violencia machista

3.- Dar traslado desta Declaración Institucional e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)."

